

ÁREA URBANA SURESTE: AUDITORÍA CIDADÁ

A área urbana sureste comprende os barrios de Sar, Pontepedriña, Restollal, Lamas de Abade e Castiñeiríño.

Unha área ampla e diversa na que residen máis de 10.000 veciños e veciñas e que presenta diferentes necesidades específicas, tal e como fomos recollendo neste ano e medio a través da auditoría cidadá. Unha diagnose realizada atendendo tanto peticións e suxestións individuais como canalizadas a través do tecido asociativo destes barrios:

- A.VV. Castiñeiro
- A.VV. Pontepedriña
- A.VV. Sandra Prego Rial
- Comunidade de propietarios Antón Vilar Ponte
- Comunidade de propietarios SUNP-12 Alfredo Vicenti
- A.VV. Sar

A partir deste traballo de interlocución detectamos as demandas máis necesarias da área, que resumimos neste listado:

- Asfaltado das zonas do Casal e o Combarro
- Ampliación dos parques infantís dos SUNPS 12 e 13 e inauguración do do SUD 11
- Instalación de pistas polideportivas
- Acondicionamento do campo da festa detrás da igrexa do Castiñeiríño
- Construción dunha escola infantil no Castiñeiríño
- Arranxo do tellado do antigo colexio Ramón Cabanillas
- Evitar as saídas de augas pluviais desde o SUNP-14 (detrás do restaurante Paz Nogueira) cara o Combarro
- Roza de silvas no lugar do Outeiro, ao pasar a ponte do Peleteiro
- Instalación de bancos na rúa do Miñato
- Reparación das beirarrúas deterioradas polo paso das ambulancias na ponte da vía
- Asfaltado do tramo que vai desde o remate do SUNP-12 ata o lavadoiro da Chaparra
- Calmado de tráfico e humanización da rúa Restollal
- Calmado de tráfico e humanización da avenida de Clara Campoamor
- Medidas para limitar a velocidade en Amor Ruibal
- Reparación das beirarrúas en Amor Ruibal

- Mellora da sinalización no contorno do colexio Ramón Cabanillas
- Aplicación do programa Colecamiños no colexio Ramón Cabanillas
- Apertura e arranxo das rúas escultor Juan Luis e Urbano LUGRÍS
- Plan de urbanización na zona situada entre Romero Donallo e Sar
- Mellora do aspecto das vivendas abandonadas, seguindo co proxecto de grafitis iniciado
- Reparación de fochancas e beirarrúas
- Solucionar asolagamentos debaixo da ponte do ferrocarril na Pontepedriña e na rúa escultor Camilo Otero
- Acondicionamento da lagoa de Cornes
- Instalación de paneis informativos sobre a flora e a fauna
- Arranxo dos contedores deteriorados e instalación de contedores para a recollida de aceites
- Solicitude á Consellería de Educación do arranxo do pavillón do IES da Pontepedriña
- Acondicionamento dun espazo de xogos populares
- Melloras de accesibilidade no centro sociocultural e ampliación do horario de apertura
- Apertura do espazo situado ao redor do CSC da Pontepedriña
- Renovación do parque infantil de Pontepedriña
- Solicitude de novas convocatorias do Plan ARI e incremento da dotación orzamentaria
- Reposición da marquesiña do bus de debaixo da ponte
- Mellora do parque infantil da Praza de León
- Apertura dun novo viario entre as rúas Canfranc e Manuel Vázquez Cacharrón
- Calmado de tráfico na rúa José Antonio Souto Paz
- Acondicionamento da parcela destinada ao edificio das asociacións, na intersección das rúas Portomarín e Samos
- Recuperación do sendeiro que une Pontepedriña con Sar
- Arranxo das instalacións deportivas
- Elaboración dun estudo sobre a instalación de contedores soterrados
- Eliminación do paso de peóns da rúa Samos, para píntalo na rúa Ordes
- Reforma das beirarrúas
- Instalación de bancos na rúa Manuel Vázquez Cacharrón
- Poda periódica nas rúas Manuel Vázquez Cacharrón, Portomarín, Canfranc e Palas de Rei
- Arranxo das perdas de auga na rúa Portomarín
- Limpeza e poda de árbores nas marxes do río Sar
- Substitución do material do chan do parque

- infantil e ampliación da zona de xogos
- Plantación de árbores nas proximidades do parque infantil e instalación de bancos
- Arranxo das papeleiras
- Desbroce das fincas situadas na parte traseira do edificio BB10 32-24
- Mantemento dos alcorques
- Pintado dun paso de peóns e un Ceda o Paso na rúa Alfredo Vicenti con Lamas de Abade
- Instalación dun sinal de Stop en Lamas de Abade, no cruce con Angrois
- Peche da estrutura do edificio paralizado ao lado do parque infantil para garantir a seguridade
- Replantación de árbores na parte traseira dos edificios de Alfredo Vicenti
- Poda de árbores en Alfredo Vicenti
- Retirada dos postes de Fenosa situados na entrada dos garaxes
- Aproveitamento da auga do pozo situado baixo o garaxe do edificio de vivendas (nº2-4-6)
- Replantación de árbores para facer un xardín urbano
- Reparación dos bordes das beirarrúas que son demasiado afiados
- Elevación dos pasos de peóns situados a ambos lados do edificio
- Soterramento dos contedores do lixo
- Acondicionamento de hortas urbanas na zona do Castiñeiríño
- Reparación das farolas da rúa Cruceiro de Sar
- Acondicionamento dunha masa común para o uso por parte da terceira idade
- Mantemento e instalación de bancos no barrio de Sar
- Instalación de farolas máis baixas para que non tropecen coas polas das árbores
- Mellora da seguridade na rúa Santasmariñas
- Instalación de papeleiras na rúa Campo do Amo
- Mellora da accesibilidade e humanización da rúa da Estrada
- Acondicionamento dunha pista deportiva no contorno da rúa da Estrada
- Instalación de pasos de peóns elevados na rúa de Sar
- Mellora da rúa de Castrón D' Ouro
- Mellora dos autobuses que cubren a liña C5
- Reparación dos contedores do lixo
- Creación dunha nova bolsa de estacionamento para os novos edificios de vivendas
- Repintado dos pasos de peóns
- Instalación de máis contedores de reciclaxe
- Redacción de proxectos de reparación e acondicionamento das beirarrúas na Ponte de Sar e Calzada de Sar

FALAMOS



Actos de
rendición de
contas do
alcalde
e dos e das
integrantes
do goberno
municipal de
Santiago

**VENRES 28 DE ABRIL, 19.30h
CSC CASTIÑEIRÍÑO**

ÁREA **URBANA SURESTE**

Sar, Pontepedriña, Restollal,
Lamas de Abade, Castiñeiríño

Coa participación do alcalde,
Martíño Noriega, e os concelleiros
e concelleiras do grupo de goberno

● Feito ● Non feito ● En trámite



Que son os encontros AO VIVO?

Son actos de rendición de contas do alcalde e de todos os integrantes do goberno municipal de Santiago. Encontros nos que se dá unha comunicación AO VIVO entre a cidadanía e o executivo local co obxectivo de constituír un novo espazo participativo no que veciñanza e goberno poidan conversar e establecer relacións directas.

Por que agora e non antes?


Os encontros do goberno AO VIVO son un paso máis no labor de abertura do Concello á cidadanía. Durante o primeiro ano e medio deste mandato o goberno municipal reuniuse con case a totalidade do tecido asociativo da cidade co obxectivo de recuperar a confianza na institución. Encontros e visitas a barrios e parroquias nas que o asociacionismo veciñal foi o mellor aliado para testar as necesidades da cidade e así construír a **auditoría cidadá** que hoxe guía o labor de goberno. Unha vez finalizado este proceso, é a vez de contrastar coa veciñanza AO VIVO todo o recollido, de marcar prioridades, incorporar demandas e explicar problemáticas onde as haxa.

Haberá encontros en todos os barrios e parroquias?

Co obxectivo de abarcar todo o territorio realizaranse nove encontros AO VIVO, repartidos en 6 áreas urbanas e 3 áreas rurais. Cada unha das áreas agrupará a un conxunto de barrios ou parroquias próximos que moitas veces comparten problemáticas. O feito de ser un número reducido de barrios tamén permitirá que se traten temas concretos de cada barrio ou parroquia.

Que temas se poden tratar?

Todos os que teñan que ver co goberno municipal, coas demandas da cidadanía, cos proxectos en marcha ou cos proxectos futuros. Aínda que se divida o termo municipal en



áreas, os temas a tratar poden ser referentes a cada unha das áreas, a un barrio ou parroquia en concreto, ou ao conxunto da cidade. Os encontros do goberno AO VIVO son unha oportunidade de corresponsabilizármonos en construír un Santiago mellor entre todas e todos.

Cando e onde se celebran?

Co obxectivo de facilitar ao máximo a asistencia cada AO VIVO celebrarase un sábado pola mañá en diferentes espazos municipais da cidade e serán anunciados con suficiente antelación. O penúltimo ou o último sábado de cada mes serán os días escollidos, facéndose público o calendario para todo o ano a principio do mesmo. Ademais, contaremos con servizos de conciliación para que quen teña crianzas poda asistir igualmente, así como un servizo de interpretación da lingua de signos.

Como se desenvolve un encontro AO VIVO?

No inicio de cada encontro o alcalde e algúns dos membros do goberno farán unha introdución ao acto no que explicarán a Auditoría cidadá que será entregada aos asistentes, en que punto estamos na resolución dos problemas, e que perspectivas e proxectos existen para o futuro. Despois desta breve primeira parte será a vez da veciñanza asistente que poderá participar AO VIVO. Para garantir que todas as persoas teñan oportunidade de falar contaremos con persoal profesional da mediación que regulará o debate, medindo tempos e favorecendo a diversidade de todas as achegas.

COMO FUNCIONA ESTE ENCONTRO?

Benvinda/o! Os encontros co goberno AO VIVO pretenden favorecer o diálogo entre a veciñanza e a equipa de goberno municipal. Para facilitalo, imos basearnos nos seguintes principios:

1. ROLDA DE PALABRA

O equipo de moderación encargárase de tomar nota dos nomes das persoas que queiran intervir. Faremos roldas de palabra de cinco intervencións, despois responderá o goberno. Ao concluír, abriremos outra rolda de palabra até esgotar o tempo previsto.

2. INTERVENCIÓNS BREVES E CONCRETAS

Dous minutos por intervención e catro para

a réplica do goberno. Tenta levar claro o que queiras dicir, preguntar ou comentar. Deste xeito será máis doado responder ao que sinalas.

3. DIVERSIDADE POR IDADE E XÉNERO

Alternaremos homes e mulleres, persoas maiores e novas, etc. Tamén procuraremos que se expresen o maior número de voces diferentes, por iso terán preferencia aquelas persoas que aínda non falasen.

4. RESPECTO MUTUO

Calquera intervención é ben acollida, desde a crítica ao enfado, desde a satisfacción á curiosidade. A base para expresala é o respecto mutuo por todas as persoas, presentes ou non.

AVALIACIÓN URBANA SURESTE

Sexo?

Home Muller

Idade?

Como valoras este encontro?

1 2 3 4 5

Como valoras o espazo (comodidade, accesibilidade...)?

1 2 3 4 5

Foi axeitada a súa duración?

1 2 3 4 5

Foi axeitado o seu horario?

1 2 3 4 5

Deixa aquí as túas suxestións: